



A Cancela, Vilarmoa · Ramsés Pérez

## O reino

*No tempo aquí  
cando os animais falaban,  
decir libértá non era triste,  
decir verdá era coma un río,  
decir amor,  
decir amigo,  
era igual que nomear a primavera.  
Ninguén sabía dos aldraxes.  
Cando os animais falaban  
os homes cantaban nos solpores  
pombas de luz e xílgaros de soños.*

*Decir teu e meu non se entendía,  
decir espada estaba prohibido,  
decir prisión somente era unha verba  
sin senso, un aire que mancaba  
o corazón da xente.  
¿Cando,  
cando se perdeu,  
iste gran Reino?*

*Longa noite de pedra, Celso Emilio Ferreiro (1962).*

Sabía Celso Emilio Ferreiro (Celanova 1912-Vigo 1979), no medio dunha longa noite, abrir espazos de esperanza. Porque quizais só a poesía pode devolvernos a través da luminosa nostalxia, a utopía absoluta: un xardín das delicias, o lugar non escindido onde os animais falaban e as

xentes cantaban comprendendo que todo está en todo. Liberdade, amor, verdade, soño. Aquel gran Reino sen reis nin poder nin violencia: pasado mítico que constrúe na mente a Vida que verdadeiramente merece a pena ser vivida. Ética biopoética máis aló dos males do mundo.